



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DO GROVE PARA A HUMANIZACIÓN DUN TRAMO URBANO DA PO-316, RÚA LUÍS A. MESTRE.

1. Antecedentes

A Axencia Galega de Infraestruturas ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, de xeito que se proporcione ás persoas usuarias da rede, tamén os peóns que as transitan, unhas condicións de condución cómodas e seguras, mellorando os déficits na seguridade viaria e facilitando o acceso aos distintos equipamentos na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.

2. Razóns de necesidade e oportunidade

A estrada autonómica PO-316 atravesa o Concello do Grove e é a vía principal de acceso ao núcleo urbano.

As obras proxectadas pretenden humanizar o tramo urbano comprendido entre pp qq 5+00 a 5+890 mediante unha plataforma única de uso compartido con usos separados para o tráfico rodado, os peóns, o estacionamento de vehículos, a instalación de contedores e de mobiliario urbano.

3.- Impacto económico

O presuposto base de licitación das obras estímase en 2.600.000,00 €.

O Concello do Grove propón colaborar no seu financiamento cun 34,62% de modo que se racionalice o investimento público, ao aproveitarse a actuación para renovar servizos urbanos da súa titularidade;

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, asume o compromiso de financiar o 65,38% dos gastos do orzamento de execución das obras, destinando para iso ata un máximo **dun millón setecentos mil euros (1.700.000,00 €)** con cargo á partida orzamentaria 11.A1.512B.760.0, código de proxecto 1999-06714, dos orzamentos da Axencia Galega de Infraestruturas, de





acordo coa seguinte distribución:

ANO	IMPORTE €
2026	850.000,00
2027	850.000,00
TOTAL	1.700.000,00

4.- Carácter non contractual

O citado convenio é un acordo baseado nos intereses das partes que xera efectos xurídicos entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello do Grove e que non ten ánimo de lucro nin contido contractual.

5.- Adaptación á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

O contido do convenio adáptase ao establecido no Título Preliminar, Capítulo VI, artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

6.- Xustificación da concesión da subvención

Simultaneamente tramitarase o cambio de titularidade a favor do Concello do Grove do treito da PO-316 entre os puntos quilométricos 4+440 e 5+510.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A directora da Axencia Galega de Infraestruturas, María Deza Martínez

